

A ARTE COMO CONCEPTO.

“Acto ou facultade polo que o home expresa o material ou o inmaterial, usando a materia, a imaxe ou o son, e crea copiando ou fantaseando”.

“Habilidade ou destreza coa que se fai algo”(arte/artesanía).

A arte é un concepto moi amplo que abarca numerosas ramas temáticas:

- Artes liberais: profesións relacionadas co intelecto (médicos, abogados, mestres...).
- Artes Gráficas: imprenta, edición de libros...
- Artes de Pesca: tipos de redes ou técnicas de pesca.
- Arte Popular: Realizacións da vida cotiá (obxectos, ferramentas, utensilios, mobles, vestidos..). Confúndese as veces coa artesanía.
- Artes Maiores: Arquitectura, Escultura, Pintura.
- Artes Plásticas: Escultura.
- Artes Figurativas: Tipo de pintura ou escultura tradicional inspirada nas formas da natureza (en oposición á arte abstracta).

HISTORIOGRAFÍA DA ARTE.

Os primeiros escritos de historia da arte pertencen a **Antiguidade Grega e Romana**, xunto as primeiras especulacións filosóficas sobre a esencia da arte e os primeiros tratados artísticos e técnicos (Policleto, Vitrubio).

O concepto (ars, artis), identifica ó artista como unha persoa con habilidade manual e mental para facer unha obra.

A Idade Media é unha época oscurantista, con só guías para peregrinos e escasa teorización artística, *considerándose ó artista como un mero artesán* (mestre de obras, canteiro), e consolidando a división entre artes liberais, (nobres e propias de intelectuais e homes libres) e artes mecánicas (artesanais, innobres por ser traballo manual e remunerado), manténdose esta situación ata **o Renacemento**, onde *o artista adquire un rango social e un prestixio superior* (traballador intelectual).

Na 2ª metade do s.XVIII, defínese o concepto de “belas artes”, no que se inclúen as actividades adicadas a producir beleza, situación que se manterá ata **o s.XX**, no que se amplía o campo da arte a toda actividade

que apoiada nunha imaxe sirva de instrumento de comunicación co exterior (cine, video).

FUNCIÓNS DA OBRA DE ARTE.

A finalidade da obra de arte é múltiple: a) comunicativa (utiliza unha linguaxe expresiva ou formal que reflicte sentimentos, ideas, pensamentos, experiencias colectivas ou individuais); b) estética ou visual (búsqueda da beleza, do deleite contemplativo); c) práctica ou utilitaria (no caso da arquitectura, resolver necesidades humanas, no caso da escultura ou a pintura as veces busca *actuar sobre a realidade para transformala a través da rebeldía o inconformismo ou o compromiso social e político do artista*).

Moitas veces estas tres funcións adoitan estar interrelacionadas.

METODOLOXÍA DE ANÁLISE DA OBRA DE ARTE.

O enfoque para analizar calquera obra de arte basease en dous puntos de vista: o formalismo (estilo, representación das imaxes, composición...), e a iconoloxía-iconografía (significado da obra como testimonio gráfico dunha época, é dicir en relación co seu contexto histórico).

O espectador ó contemplar a obra de arte debe realizar un dobre exercicio: 1) Percepción visual, ou identificación do representado e das súas características expresivas (descrición e clasificación); 2) Reflexión intelectual, ou análise tanto formal como funcional (significado).

No primeiro caso, cáptanse **os elementos expresivos** (materiais, técnicas, ou elementos sensoriais como o cromatismo, a luz, a composición) e no segundo **os conceptuais** (simbolismo, iconografía, relación coa época....).